



## Adaptación da concreción curricular de centro

Este documento está elaborado seguindo a *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* e supón unha adaptación da concreción curricular do centro, polo que **todo o establecido nas programacións didácticas do curso 2021-2022 que contradiga o aquí establecido queda sen efecto no presente curso académico.**

Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, este documento farase público na páxina web do centro e explicárase ás familias na reunión do terceiro trimestre.

**Criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación, así como para a obtención da matrícula de honra**

### Criterios xerais para a avaliación

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- Estableceranse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.



- Criterios decididos polo claustro de profesores para establecer a cualificación da avaliación ordinaria:

<b>1º e 2º de primaria</b>
Linguas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior. Matemáticas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior. Ciencias Sociais e Naturais: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores. Educación artística: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores. Educación física: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores. Relixión e valores: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.
<b>3º e 4º de primaria</b>
Linguas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior. Matemáticas: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores. Ciencias Sociais e Naturais: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores. Educación artística: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores. Educación física: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores. Relixión e valores: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.
<b>5º e 6º de primaria</b>
En todas as materias a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

### Criterios xerais para a promoción

- A promoción en 1º, 3º e 5º de primaria é automática.
- Nos cursos de 2º, 4º e 6º e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

- Criterios de promoción acordados polo claustro:

Promocionan:

- Os/as alumnos/as que obteñan cualificacións positivas en todas as materias e acaden o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.
- Aqueles casos que aínda que non tendo acadado o nivel de adquisición nas competencias clave, ou existindo materias non cualificadas de xeito positivo, o equipo docente, de xeito colexiado, estime convinte a súa promoción, dadas as circunstancias particulares do seu proceso de aprendizaxe e tendo en especial consideración a información e criterio da persoa titora.

Non promocionan:

- Aqueles alumnos que non tendo acadado o nivel de adquisición nas competencias clave ou que non obtiveran unha cualificación positiva en tódalas materias e que, o equipo docente de xeito colexiado, estime que non cursará con aproveitamento o curso seguinte, tendo sempre en especial consideración a información e criterio da persoa titora.

- O equipo docente deixará constancia por escrito dos motivos que xustifiquen a súa decisión
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

## Criterios para a obtención da Mención Honorífica

Seguindo o establecido na *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

## Informes

- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto de primaria o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa de educación primaria dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar
- No resto de cursos, primeiro, terceiro e quinto de primaria, o profesorado titor emitirá un breve informe sobre cada alumno/a por se no seguinte curso académico non continuase no centro educativo.



Plan de reforzo ou recuperación para o alumnado que promociona con materias suspensas

Plan de reforzo ou recuperación para o alumnado que promociona con materias suspensas

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
Titor/a	
Curso	

Necesidade de reforzo ou recuperación nas áreas de:

--

Dificultades que presenta o alumno/a:

--

Aspectos que precisan ser reforzados:

--

Plan de traballo:

1º trimestre	
2º trimestre	
3º trimestre	



## Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

### Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano mais no mesmo curso.

Documento elaborado seguindo as directrices da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano mais no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

#### Identificación da alumna ou do alumno.

Nome e apelidos			
Data de nacemento			
Titor/a			
Curso que repite	2º	4º	6º

#### Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.



### Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

- ✓ Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado
  - A elaboración dos horarios do alumnado.
  - A asignación de titorías.
  - O agrupamento do alumnado.
  - A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.
- ✓ Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno
- ✓ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
  - Deseño universal de aprendizaxe
  - Traballo colaborativo
- ✓ Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación
  - Adaptación de tempos de avaliación.
  - Adaptación de instrumentos e procedementos de avaliación.
  - Adaptación na forma de comunicación.
  - Verificación da comprensión das tarefas.
  - O profesorado informou ao alumno/a sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparando o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.
- ✓ Aulas de atención educativa e convivencia
- ✓ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- ✓ Programas de enriquecemento curricular
- ✓ Programas de habilidades e competencias sociais

### Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.



**Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.**

Recursos humanos:

--

Recursos materiais:

--

**De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.**

--

**Acreditación da información á familia. Anexo**

A familia do alumno/a foi informada.

--





## Revisión do plan

### Revisión do primeiro trimestre

Obxectivos acadados:

Propostas de mellora:

Axustes para o vindeiro trimestre:

### Revisión do segundo trimestre

Obxectivos acadados:

Propostas de mellora:

Axustes para o vindeiro trimestre:



### Revisión do terceiro trimestre e final de curso

Obxectivos acadados:

Propostas de mellora:

Recomendacións para o seguinte curso académico:

### Informe individual dos reforzos educativos

Seguindo o punto 4 do artigo 48 da orde *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o seguinte modelo, será arquivado polo Departamento de Orientación.



## Informe individual dos reforzos educativos (RE)

Documento elaborado seguindo a *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
Titor/a	
Curso	

Por cada área ou materia en que a alumna ou o alumno recibiu RE

1. Área ou materia:
2. Datos do profesorado da área ou materia:
3. Datos do reforzo educativo:

DATA DE COMEZO DO RE: \_\_\_\_\_ DATA DE REMATE DO RE: \_\_\_\_\_

- a) Cal foi o motivo?
- b) En que consistían as medidas desenvolvidas?
- c) Con que frecuencia se presentaban? (temporalización)
- d) Cando as realizaba o alumno/a?
- e) Quen lle axudaba? (profesorado con dispoñibilidade horaria)
- f) Como se avaliaban?

### VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE

- ✓ Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- ✓ Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE: (indicar se o alumno/a no vindeiro curso pode verse beneficiado/a ou non por estas medidas):

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_

O titor/a,

O profesor/a que realizou o reforzo

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_